

MAPA URBANÍSTICO
DE ALLARIZ

M^a ÁNGELES LÓPEZ CORTIÑAS

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Prehistoria e Arqueoloxía e Historia Antiga. Actualmente é profesora de Xeografía e Historia en Ensino Secundario.

CRISTINA VARELA BARRIOS

Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade Complutense de Madrid. Especialista en Prehistoria e Arqueoloxía. Actualmente realiza traballos no campo de arqueoloxía, destacando os realizados na vila de Allariz.



A historia do pobo xudeu e o seu reflexo no urbanismo de Allariz

M^a Ángeles López
Cristina Varela Barrios

Ao falar do pobo xudeu non podemos obviar que o seu mundo, a súa cultura, a súa relixión, dun ou doutro xeito, están perto de nós, despois de ter deixado un pouso importante na cultura galega.

A súa impronta foise labrando ao longo da historia a través dun prolongado proceso no que se suceden a convivencia e o rexeito, a asimilación e a marxinação, o amor e o odio entre cristianos e xudeus, tanto a nivel peninsular como a nivel galego.

Este pobo procede de Oriente e habitualmente existe a crenza de que a súa chegada a España e a súa dispersión por toda a Península produciuse coa destrución de Jerusalén no século I d. C.

Sen embargo, podemos remontar a súa presenza ás primeiras etapas históricas nas que fenicios e con toda seguridade xudeus tamén, acometerían xuntos actividades comerciais para as que estaban especialmente dotados, visitando terras galegas na búsqueda de variedade de produtos, especialmente metais. Estableceríanse de xeito temporal en pequenas factorías situadas na costa galega, desde onde mercarían os produtos máis codiciados no mercado.

O historiador romano Estrabón aportará as primeiras noticias que demostran a presenza de hebreos na península, traídos como cativos de Nabucodonosor para os reis hispanos Pirro e Hispano que os asentaron en Andalucía e Toledo.


Sen embargo, a primeira chegada significativa produciuse despois da destrución do Templo de Jerusalén por Tito no século I d. C. co que existiu un exilio forzado de xudeus que viñeron a España. Sen dúbida, moitos de aqueles hebreos que arribaron a Sevilla e Granada, desprazáronse despois até Galiza, deportados, confinados ou en forzoso exilio, dedicándose ao comercio e á explotación das riquezas minerais deste territorio, sobre todo do ouro.

Non consta que houbera intolerancia entre os que podemos denominar xa hispano-xudeus e hispano-romanos.

Coas invasións xermanas de suevos, alanos e vándalos, a situación do pobo xudeu permaneceu está-



Os Xudeus na Galiza



Primeira etapa.

Balcón de Amoeiro. S. Pedro. 1ª etapa.



bel, ao contrario do ocorrido coa chegada dos visigodos. Os pobos godos estaban orgullosos da súa linaxe e vían nas leis xudías da pureza do sangue un antagonismo.

Por elo, cando abandonaron o arrianismo e abrazaron o cristianismo, convertíronse en grandes perseguidores do pobo hebreo.

O monarca visigodo que tomou serias medidas contra os xudeus foi Sisebuto, que a principios do século VII, despois do III^o Concilio de Toledo, decretou unhas primeiras leis de separación entre xudeus e cristianos anque as dúas comunidades podían vivir intramuros das distintas cidades.

Os últimos anos do reinado godo caracterizáronse por unha grande inestabilidade social, e os xudeus convertíronse nos chivos expiatorios do malestar xeral.

Por elo, as comunidades xudías apoiaron as invasións árabes, que ao principio os respetaron. Sen embargo, coa chegada dos almorávides e os almohades as persecucións aos xudeus foron sistemáticas, polo que estes fuxiron maioritariamente cara as incipientes xuderías do norte peninsular, como as de Allariz, Ourense, Monforte de Lemos, etc.

O exposto anteriormente documéntase nalgunhas vilas como Allariz, na que, dentro do recinto da muralla e tendo como veciños aos cristianos, habitaban os hebreos unha zona ocupada pola alxama de S. Pedro.



Achámonos pois ante unha primeira fase que poderíamos chamar de integración do elemento xudeu, que se reflicte incluso no plano urbano de Allariz. Todos, cristianos e xudeus, viven protexidos pola muralla do castelo anque nas rúas ou barrios colindantes para evitar problemas ante os diferentes estilos de vida xa que seguindo as leis do Talmud, os hebreos practicaron desde a súa chegada unha tendencia ao aillamento civil, organizándose autónomamente en torno á sinagoga e á autoridade do xefe maior ou rabino.

Estos feitos estaban ocorrendo en Allariz, na xudería de S. Pedro, que se extendía polas zonas da Lombarda, Arroleiro, S. Lázaro, terminando na porta de Vilanova e o Portelo da Barreira.


Se a xudería, situada intramuros da vila, era o lugar de habitación desta comunidade, non podemos esquecer que a súa existencia non estaría completa sen un lugar de oración, a sinagoga, e un lugar de enterramento, o ferrar. Ambos situaríanse na actual área da parroquia de S. Estevo, sendo desmantelados polos cristianos tras a expulsión ou conversión dos xudeus no século XV.

Pero a organización social da España cristiana medieval foi provocando novas oleadas de antixemitismo tanto no sector dos viláns que descargaban o seu odio contra os xudeus como no sector dos nobres, que sentían certa envexa polos favores que recibían dos reis algúns xudeus



Sub-Castelo. 2ª etapa.


Segunda etapa.





Sto. Estevo. 3ª etapa, conversos.

Terceira etapa.



que ocupaban postos de relevancia: recaudadores, prestamistas, médicos, asesores.

A elo se lle suma a actuación da igrexa, que no século XIII irrumpe tomando medidas contra as herexías e presionando á poboación xudía.

É o momento no que a xudería de S. Pedro desaparece do centro de Allariz, sendo obrigada a

comunidade, seguindo as leis de apartamento, a se trasladar ás casas da zona do Sub-Castelo, situadas ao longo da rúa que conducía á Sinagoga, e polo bairro do Couto.

As dúas zonas, a do Sub-Castelo e o Couto, atopábanse fora das murallas de Allariz. Estaríamos ante unha segunda etapa de segregación do elemento xudeu.

A situación dos xudeus vai pois

decaendo paulatinamente, e a fins do século XIV o antisemitismo estaba moi desenrolado tanto en Galiza como no resto de España.

En 1492 promúlgase a pragmática de Valladolid, que prohibe aos xudeus exercer cargos públicos e profesións, suprímense os seus tribunais, prohibese-lles relacionarse con cristianos e obrígase-lles a levar un distintivo visíbel. Estas trabas fundiron as comunidades hebreas e precipitaron unha decadencia da que nunca conseguiron saír.

O 31 de Marzo de 1492, tras a toma de Granada polos Reis Católicos, publicouse o edicto de expulsión ou conversión total, asinado por Torquemada, inquisidor xeral do Santo Oficio.

No caso de Galiza, e en concreto de Allariz, poucos foron os xudeus que se foron a outros países, solucionándose o problema coa conversión da maioría ao cristianismo.

Incrementaríase logo o número de conversos na vila alaricana trasladando a súa residencia á zona de S. Estevo ao tempo que asistían ao doroso proceso do desmantelamento da súa sinagoga e o ferrar, que pasaron a pertencer ao Concello, e á desconfianza e recelo dos chamados “cristianos vellos”.

Pasados os séculos, a pegada deixada por esta comunidade en Allariz pode rastrexarse a través da toponimia, costumes e festividades, algúns apelidos, certos oficios, a estrutura urbanística e constructiva dos barrios citados anteriormente..., pero tan só o lento trascorrer da historia logrou que Allariz perdera a memoria que distinguía aos cristianos vellos dos conversos.

Bibliografía

- Cid Rumbao, Alfredo: “Historia de Allariz”. Ourense, 1984.
- Onega, José Ramón: “Los judíos en el Reino de Galicia”. Madrid, 1999.
- Puga Brau, José: “Os xudeus de Allariz”. Ourense, 1996.
- Santoni, Eric: “El Judaísmo”. Madrid, 1999.
- Carballo, Francisco; Senén Felipe; López Carreira, Anselmo: “Historia de Galicia”. Vigo, 1992.



Os Rabinos tocaban o shofar para anunciar as festividades.